



NARÓN

Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - SMBM	
Número expediente:	Documento:
CON/52/2018	CON12I1IA
6Y3V5U4T0N5J190F0363	

Espazo reservado para o numero de resolución
Non utilizar

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Ao abeiro do establecido no informe emitido polo Xefe da Sección de Obras Públicas e Contratación con data 25 de outubro de 2018, redáctase a seguinte Memoria:

“De conformidade co disposto no artigo 28 (necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación) e 116 (expediente de contratación: iniciación e contido) da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directiva do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, elabórase a correspondente memoria xustificativa da necesidade do contrato das obras de: **“Climatización plantas 3ª, 4ª 5ª e 6ª do Edificio do Concello “**

Obxecto e necesidade

1. Obxecto.- Dotar da instalación de climatización mediante bomba de calor de caudal variable para estancias destinadas a despachos nas plantas 3ª, 4ª, 5ª, e 6ª do Concello de Narón.
2. Necesidade.- O edificio do Concello de Narón foi construído no ano 2001. Naquel momento o nivel de ocupación era inferior ao actual, polo que as instalacións previstas, co paso do tempo quedaron escasas ou obsoletas. Nese intre non foi incorporada a instalación de climatización, pero co paso do tempo instaláronse equipos de renovación de aire e sistemas de calefacción que supoñían só unha mellora puntual, polo que é necesario unha solución definitiva para garantir unhas condicións térmicas que garanten o confort dos ocupantes.

CPV: 45331220-4 Traballos de instalación de aire acondicionado.

Duración

O prazo de execución destas obras é de catro meses.



Valor estimado, orzamento de licitación e aplicación orzamentaria.

Valor estimado: 112.750,47 €

Orzamento base de licitación:

Orzamento: 112.750,47 €

IVE: 23.677,60 €

Orzamento de execución por contrata: 136.428,07 €

Financiamento

Orzamento municipal:

Aplicación orzamentaria: 0018/9330/62300

Cualificación do contrato e xustificación do Procedemento

Estamos perante un contrato administrativo de obras de conformidade co disposto no artigo 13 da LCSP.

O procedemento para contratación destas obras mediante procedemento aberto que podería ser simplificado, se os informes posteriores así o confirmasen, dado que o seu valor estimado non supera o límite dos 2.000.000,00 de euros, como establece o artigo 159.1.a).

División en lotes

Dividir o obxecto do contrato en lotes afectaría gravemente á coordinación da execución das obras, dada a dependencia dunha das outras, sería tecnicamente imposible a execución desta obra por varias empresas que terían que traballar no mesmo sitio e ao mesmo tempo.”

Polo exposto, esta alcaldía vén **RESOLVER**:

PRIMEIRO.- Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato de obra “Climatización plantas 3ª, 4ª 5ª e 6ª do Edificio do Concello”.

SEGUNDO.- Que Secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir, e que Intervención emita un informe sobre a porcentaxe



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Espazo reservado para o numero de resolución
Non utilizar

que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios do orzamento vixente, para os efectos de determinar o órgano competente para contratar.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***